

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, **DONA MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO**, **D. ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE**, da Interventora Municipal **DNA. ISABEL PERNAS SÁNCHEZ** e do Secretario en funcións da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**2º.- URBANISMO.**

**3º.- SUBVENCIONES.**

**4º.- OUTROS ASUNTOS.**

**5º.- APROBACIÓN DE FACTURAS.**

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Dase conta por parte da Alcaldesa da baixa definitiva para desguace dos vehículos municipais matrícula 7967-BKN, PO-2035-AX, PO-9703-BP e PO-4556-AG.

A Xunta de Goberno queda enterada desta circunstancia.

**1.2.-** Dase conta do escrito presentado por Dna. Josefa Fernández Méndez, con domicilio en San Fiz, nº 3 - Margaride no que se solicita se realice unha inspección das instalacións da empresa NUDESA (Nutrimentos del Deza, S. A.), situada a 250 metros da vivenda da interesada, para realizar unha medición do nivel de ruído producido por estas a fin de comprobar que non se sobrepasan os niveis máximos permitidos pola lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste expediente á Policía Local para realizar as medicións oportunas así como como á Empresa afectada para que realice as alegacións que estime oportunas.

**1.3.-** Dase conta da factura presentada por Dna. Esther Rozados Fernández en representación da Empresa CONSTRUCCIONES ESTEBO, S. L., correspondente ó aluguer de unha nave industrial no Parque Empresarial Área 33 durante o mes de xullo de 2011. Faise constar por parte da Alcaldesa que durante o mes de xullo esta nave non foi ocupada, e que anteriormente se lle tiña comunicado o abandono da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do expediente ós servizos xurídicos para o seu estudo.

**1.4.-** Dase conta do expediente de solicitude de devolución de fianza formulada por D. Jesús Fernández González en representación da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S. L. pola obra :CERRAMENTO E CUBERTA DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE BANDEIRA. Por parte da Alcaldesa ponse de manifesto a falla de execución de unidades de obra ue o representante da empresa nega nun escrito de data 2 de agosto, no que se reitera na súa petición de devolución.

A Xunta de Goberno acorda dar traslado deste expediente ós servizos técnicos para recabar informe do mesmo así como os servizos xurídicos para o seu estudo.

**1.5.-** Dase conta da solicitude de D. Manuel Fernández Fraiz en representación de DEZARCO para a utilización das instalacións e o entorno do Mosteiro de Carboeiro para a práctica de tiro con arco.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda **AUTORIZAR** a utilización das instalacións e o entorno do Mosteiro de Carboeiro a este Clube para a práctica do tiro con arco durante os anos 2011 e 2012. O Clube farase cargo de calquera dano ocasionado no entorno, debendo presentar previamente no Concello o seguro de responsabilidade civil contratado.

## **2º.- URBANISMO.-**

### **2.1.- Actividades clasificadas.-**

**2.1.1.-**Examinado o expediente promovido por D. JUAN PABLO CAJIDE PÉREZ, en virtude de instancia de data 16 de outubro de 2007, solicitando Licencia de actividade para “acondicionamento e apertura de taller de reparación de automóbiles, venda de recambios, exposición e oficinas nas parcelas 1, 2 e 3 da mazá nº 7 (Local F-Parcela 43-C) do Polígono comercial e industrial Área 33”.

Vista a Acta de Comprobación realizada polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 4 de agosto de 2011 e demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A concesión da Licencia Municipal instada por D. JUAN PABLO CAJIDE PÉREZ, para “acondicionamento e apertura de taller de reparación de automóbiles, venda de recambios, exposición

e oficinas nas parcelas 1, 2 e 3 da mazá nº 7 (Local F-Parcela 43-C) do Polígono comercial e industrial Área 33"

**2.1.2.- Licencia Nº 2508/08.** Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> ANA MARIA TABOADA TROITIÑO, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a herboristería, a situar na rúa Progreso, nº 14 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de novembro de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non poidendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase escrito da técnica redactora do proxecto, arquitecto técnico D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, Rexistro de Entrada nº 6010 de data 21 de novembro de 2008, solicitando a acta de comprobación, por non realizarse obras de ningún tipo, ó estar o mesmo adaptado.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe xurídico de data 04 de agosto de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 15 de xullo de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a D<sup>a</sup> ANA MARIA TABOADA TROITIÑO para apertura de local para dedicalo a herboristería, a situar na rúa Progreso, nº 14 baixo (Silleda).

**2.1.3.- Licencia Nº 6896/07.** Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARGARITA BERNÁRDEZ MATOS, solicitando Licencia de actividade correspondente o acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, a situar na rúa José Antonio, nº 18, baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 04 de abril de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non poidendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase certificación final de obra, asinada polo técnico redactor do proxecto e director de obra, o Arquitecto Técnico D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, Rexistro de Entrada nº 1859 de data 14 de abril de 2008.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe xurídico de data 04 de agosto de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 03 de agosto de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a D<sup>a</sup> MARGARITA BERNÁRDEZ MATOS para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, a situar na rúa José Antonio, nº 18, baixo (Silleda).

### **3º.- SUBVENCIONS.-**

**3.1.-** Dase conta de Resolución da Consellería de Traballo e Benestar ó abeiro da Orde de 30 de decembro de 2010, pola que e establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2011, na que se concede a este Concello o Curso de Formación Ocupacional denominado MONITOR/A DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, con un orzamento total de 42.564,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado á Intervención Municipal para a correspondente xeración de crédito no orzamento. Asimesmo, acórdase a súa remisión ó INEM para a realización da selección dos alumnos beneficiarios do curso.

**3.2.-** Polo Concelleiro de Cultura, faise a proposta de concesión de unha subvención á Asociación de Amigos da Tortilla de Laro de 3.000,00 € para a celebración da Romaría da Tortilla deste ano 2011, que terá lugar o día 5 de agosto.

Visto o reparo suspensivo formulado pola Intervención Municipal, e visto que con data 04 de agosto de 2011 procédese o levantamento do mesmo.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a concesión desta subvención.

### **4º.- OUTROS ASUNTOS.**

Por parte da Alcaldía dase conta da convocatoria e aprobación das “bases para a selección dun traballador desempregado para a realización da obra ou servizo denominado “equipo de obras e infraestructuras” con cargo ao concello de silleda e aos programas de cooperación para accións de fomento do emprego por parte das entidades locais. Ano 2011” e a remisión da oferta de emprego correspondente ao servizo Público de Emprego de Lalín, así como a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web anuncio indicativo deste procedemento de selección.

A Xunta de Goberno queda enterada desta convocatoria e da aprobación das bases correspondentes.

### **5º.- APROBACIÓN DE FACTURAS.**

Polo Concelleiro de Cultura propónse a aprobación da factura presentada neste Concello pola empresa TROULA ANIMACIÓN, S. L. correspondente ós servizos prestados durante a celebración da Romaría do Rapaz o pasado 26 de xuño de 2011.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da factura nº 61/2011 de data 26 de xuño de 2011, emitida por TROULA ANIMACIÓN S.L., polo importe de 12.508,00 €.


**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas vinte munitos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,



O Secretario en funcións,

